

**FESTIVAL INTERNACIONAL DE TITERES DE REDONDELA**

*memorial Juanjo Amoedo*

do 14 ao 19 de maio de 2013

**14**



## PROGRAMACIÓN ESCOLAR

**MARTES 14 maio**.....

10.30h. e 12.30h. Chapela. "Lume" TÍTERES BABALUVA (Euskadi).

**MÉRCORES 15 maio**.....

10.30h. e 12.30h. Redondela. "Lume" TÍTERES BABALUVA (Euskadi).

**XOVES 16 maio**.....

10.30h. e 12.30h. Redondela. "Los animales de Don Baltasar" TELONCILLO (Castela-León).

## PROGRAMACIÓN DE SALA

**MARTES 14 maio**.....

20.00h. Multiusos da Xunqueira. Inauguración da exposición "Olladas dun festival"

21.00h. Auditorio da Xunqueira. Homenaxe ao Titiriteiro Galego  
"Morreu o demo, acabouse a peseta". DOCUMENTAL (Galicia).

**MÉRCORES 15 maio**.....

21.00h. Auditorio da Xunqueira. +7 anos.

"Ala sucia" DAVID ZUAZOLA (Chile).

**XOVES 16 maio**.....

21.00h. Auditorio da Xunqueira. +14 anos.

"A Maldición de Poe" TEATRO CORSARIO (Castela-León).

**VENRES 17 maio**.....

17.00h. e 21.00h. Auditorio da Xunqueira. Familiar.

"O Kikirixote, aventuras e desventuras dun galo de curral" OS MONICREQUES DE KUKAS (Galicia).

**SÁBADO 18 maio**.....

17.00h. Auditorio da Xunqueira. Familiar.

"Los animales de Don Baltasar" TELONCILLO TEATRO (Castela-León).

21.00 h. Auditorio da Xunqueira. +13 anos.

"Diagnóstico: Hamlet" PELMANEC (Cataluña).

**DOMINGO 19 maio**.....

17.00h. e 21.00h. Auditorio da Xunqueira. +10 anos.

"La venganza de Don Mendo" EL ESPEJO NEGRO (Andalucía).

## NOITES TITERESANTES

**VENRES 17 maio**.....

23.59h. Sala Disco-Tasca. Teatro xestual cómico. Director: Evaristo Calvo.

"A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres" BANDULLO AZUL (Galicia).

**SÁBADO 18 maio**.....

23.59h. Sala Disco-Tasca. Teatro de obxectos con textos de Uxío Novoneyra.

"O Asombro" FANTOCHES BAJ (Galicia).

Prezos: Nen@s 3 € - Adult@s 5 € Apertura de billeteira dúas horas antes de cada función (Sábado e Domingo ás 16,00h.) Aforo limitado.

## PROGRAMACIÓN DE RÚA

### VENRES 17 maio día das Letras Galegas

12.00h. Alborada a cargo do Grupo Folclórico Anaquiños de Chapela.

13.00h. Praza do Concello. "Barriga Verde" Viravolta Títeres (Galicia).

16.30h. Museo Meirande (Rande). Actividades continuadas: teatro, monicreques e maxia.  
Buses dende A Farola ao Museo Meirande. Prezo nenos 3 €. Adultos 5 €.  
Ida e volta: 16.30-18.30h. / 17.15-19.30h. / 18.15-20.15h. / 19.00-21.00h.

17.00h. Praza do Concello. "Barriga Verde" Viravolta Títeres (Galicia).

Pista da Xunqueira. Obradoiros Asociación Xoeira (Galicia) ata as 21.00h.

Casa da Torre-Alfonso XII. Charanga Vaite Xa!! (Galicia).

Alfonso XII. "Odil" Les Contes D' Asphaldt (Bélxica).

17.45h. Acto institucional co acompañamento do grupo O Carballo das Cen Pólas de Reboreda.

18.00h. Xardíns da Alameda. "Lume" Títeres Babaluva (País Vasco).

Praza da Torre-Alfonso XII. Fanfarria Taquikardia (Galicia).

Paseo da Xunqueira. "Odil" Les Contes D' Asphaldt (Bélxica).

19.00h. Casa da Torre. "As Pombas de Carboeiro" Fantoques BAJ (Galicia).

Coa Banda de Saxos do Conservatorio de Música de Redondela.

Praza da Constitución-Xardíns da Alameda. Charanga Vaite Xa!! (Galicia).

Xardíns da Alameda. "Odil" Les Contes D' Asphaldt (Bélxica).

20.00h. Praza da Torre-Paseo da Xunqueira. Fanfarria Taquikardia (Galicia).

Alfonso XII. "Odil" Les Contes D' Asphaldt (Bélxica).

Xardíns da Alameda. "Lume" Títeres Babaluva (País Vasco).

20.30h. Praza do Concello. "Barriga Verde" Viravolta Títeres (Galicia).

21.30h. Xardíns da Alameda. Charanga Vaite Xa!! (Galicia).

22.00h. Paseo da Xunqueira. Fanfarria Taquikardia (Galicia).

### SÁBADO 18 maio

13.00h. Praza do Concello. "L'antigua tradicion di Pulcinella" Gaspare Nasuto (Italia).

17.00h. Praza do Concello. "The Puppet Circus" Alauda Teatro (Castela-León).

Xardíns da Alameda. Charanga-folk Calcetín Furado (Galicia).

Alfonso XII. Charanga O Santiaguíño (Galicia).

Pista da Xunqueira. "A Casa dos Xogos" A Ludoteca Xiramundos (Francia) ata as 21.00h.

Xardíns da Alameda. "Odil" Les Contes D' Asphaldt (Bélxica).

17.30h. Xardíns da Alameda. "L'antigua tradicion di Pulcinella" Gaspare Nasuto (Italia).

18.00h. Praza do Concello. "The Puppet Circus" Alauda Teatro (Castela-León).

Xardín da Alameda. "Odil" Les Contes D' Asphaldt (Bélxica).

Alfonso XII. Charanga O Santiaguíño (Galicia).

O Salgueiral. "A Caixa de Nuk" Títeres a Xanela do Maxín (Galicia).

19.00h. Praza da Torre-Xardíns da Alameda. "A viaxe da voda" Les Bleus de Travail (Francia).

20.00h. Paseo da Xunqueira. "Odil" Les Contes D' Asphaldt (Bélxica).

Alfonso XII. Charanga-folk Calcetín Furado (Galicia).

Paseo da Xunqueira. Charanga O Santiaguíño (Galicia).

20.30h. Casa da Torre. "Los tres cerditos o cuatro" Teatro de la Luna (Madrid).

Xardíns da Alameda. "L'antigua tradicion di Pulcinella" Gaspare Nasuto (Italia).

Praza do Concello. "The Puppet Circus" Alauda Teatro (Castela-León).

21.00h. O Salgueiral. "A Caixa de Nuk" Títeres a Xanela do Maxín (Galicia).

21.30h. Praza da Torre-Alfonso XII. Charanga O Santiaguíño (Galicia).

22.00h. Paseo da Xunqueira. Charanga-Folk Calcetín Furado (Galicia).

Paseo da Xunqueira. "Odil" Les Contes D' Asphaldt (Bélxica).

### DOMINGO 19 maio

12.00h. Praza da Constitución. "Gústame o Galego" ata as 14.00h.

Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela.

12.30h. Praza do Concello. "Xan Perillán e a Maleta Máxica" Os Monicreques de Kukas (Galicia).

13.00h. Xardíns da Alameda. "The Puppet Circus" Alauda Teatro (Castela-León).

13.30h. Rúa Alfonso XII. Fanfarria Taquikardia (Galicia).

17.00h. Praza do Concello. "L'antigua tradicion di Pulcinella" Gaspare Nasuto (Italia).

Praza R. Soutullo. "Xan Perillán e a Maleta Máxica" Os Monicreques de Kukas (Galicia).

Alfonso XII. "Odil" Les Contes D' Asphaldt (Bélxica).

Casa da Torre-Alfonso XII. Charanga Rías Baixas (Galicia).

Pista da Xunqueira. "A Casa dos Xogos" A Ludoteca Xiramundo (Francia) ata as 21.00h.

Praza da Constitución. "Gústame o Galego" ata as 21.00h.

Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela.

17.30h. Campo da Petanca. "El Pollo Pepe" Teatro de la Luna (Madrid) para bebés de 1 a 6 anos.

Soportais do Concello-Xardíns da Alameda. Fanfarria Taquikardia (Galicia).

18.00h. Casa da Torre. "As Pombas de Carboeiro" Fantoques BAJ (Galicia).

Coa Banda de Saxos do Conservatorio de Música de Redondela.

Xardíns da Alameda. "The Puppet Circus" Alauda Teatro (Castela-León).

Praza do Concello. "L'antigua tradicion di Pulcinella" Gaspare Nasuto (Italia).

Alfonso XII. "Odil" Les Contes D' Asphaldt (Bélxica).

19.00h. Praza da Torre-Xardíns da Alameda "A viaxe da voda" Les Bleus de Travail (Francia).

Campo da Petanca. "El Pollo Pepe" Teatro de la Luna (Madrid) para bebés de 1 a 6 anos.

Xardíns da Alameda-Paseo da Xunqueira. Charanga Rías Baixas (Galicia).

Praza do Concello. "L'antigua tradicion di Pulcinella" Gaspare Nasuto (Italia).

19.30h. Praza R. Soutullo. "Xan Perillán e a Maleta Máxica" Os Monicreques de Kukas (Galicia).

Paseo da Xunqueira-Xardíns da Alameda. Fanfarria Taquikardia (Galicia).

20.00h. Casa da Torre. "As Pombas de Carboeiro" Fantoques BAJ (Galicia).

Coa Banda de Saxos do Conservatorio de Música de Redondela.

20.30h. Paseo da Xunqueira. Charanga Rías Baixas (Galicia).

Alfonso XII. "Odil" Les Contes D' Asphaldt (Bélxica).

Praza do Concello. "L'antigua tradicion di Pulcinella" Gaspare Nasuto (Italia).

Xardíns da Alameda. "The Puppet Circus" Alauda Teatro (Castela-León).

22.00h. Paseo da Xunqueira. Fanfarria Taquikardia (Galicia).

**EXPOSICIÓN "Olladas dun Festival"**  
Fotografías de Rafael Estévez e Cal-3 no Multiusos da Xunqueira

[www.festivaltiteresredondela.com](http://www.festivaltiteresredondela.com)





## EXPOSICIÓN "Olladas dun festival"

Selección de fotografías de Cal3 e Rafa Estévez que levan vinculados ó festival dende as primeiras edicións, captando coa súa mirada sensible instantes máxicos.

### Cal3 Fotografía

O equipo de Cal3 Fotografía traballa en Redondela desde 1976. As súas orixes están na tradición familiar: Saturno e Avelino Cal.

O seu traballo abrangue un amplo abano no eido fotográfico: reportaxes, publicacións, exposicións, e diversos tipos de fotografía comercial.



### Rafa Estévez (Vigo, 1975)

Con formación como Técnico Superior en Fotografía Artística no Mestre Mateo (Santiago de Compostela, 2001), ten traballado en xornais como Atlántico Diario (2001-2004) ou Faro de Vigo (2004-2009) e na actualidade traballa como "freelance" para diversas publicacións coma El País de las Tentaciones, a revista Rolling Stone e diversas editoriais.

Inauguración martes 14 ás 20.00h. Multiusos da Xunqueira.

## DOCUMENTAL "Morreu o demo, acabouse a peseta"

Como homenaxe ó titiriteiro galego presentamos este documental arredor da figura de Barriga Verde.

Barriga Verde era o nome do monicreque de luva creado por José Silvent hai cen anos, un artista ambulante que aprendeu as súas artes dos fantocheiros do norte de Portugal. O seu teatriño de monicreques foi acadando fama até que outros titiriteiros decidiran adoptar o mesmo nome para atraer público, de xeito que

nos anos 40 do século pasado eran numerosas as barracas que percorrían as feiras e festas galegas con Barriga Verde como reclamo. Pedro Solla (director), Comba Campoy (produtora executiva) e Anxo García presentarannos o Proxecto Barriga Verde.



Martes 14 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira.

## TÍTERES BABALUVA (Euskadi)

Nos seus espectáculos e talleres planifican estratexias innovando estéticas e contidos co fin de animar á lectura, recuperar a tradición oral, divulgar coñecementos científicos, sensibilizar sobre a situación medio ambiental... ,formar individuos, construír sociedades tolerantes e sustentables.



### "Lume" (Actrices e varias técnicas)

Nun bosque onde vivían moitos animais, algo pasou que fixo ladrar o can....Unha lapa de lume chegou con ganas de facer un incendio.

Nesta proposta innovadora de teatro de obxectos, dúas titiriteiras recrean un bosque e os seus animais para contar esta historia de sensibilización medio ambiental.

Martes 14 ás 10.30h. e 12.30h. Auditorio de Chapela (Escolares)

Mércores 15 ás 10.30h. e 12.30h. Auditorio da Xunqueira (Escolares)

Venres 17 ás 18.00h. e 20.00h. Xardíns da Alameda.

## TELONCILLO TEATRO (Castela-León)

Nace profesionalmente en 1975. Dende 1996 toda a súa actividade céntrase exclusivamente no teatro para nenos e nenas. Os espectáculos cos que está de xira actualmente abranguen distintas idades, con diferentes temáticas e tratamento, sendo a música e a poesía os elementos máis inspiradores da compañía.

### "Los animales de Don Baltasar" (Actores e animación de obxectos)

Espectáculo sen palabras onde as onomatopeas, as imaxes e a música son as protagonistas.

Cóntanos a historia dun home que atopa un gato que muxe, un can que miaña, unha vaca que fai "cuá-cuá" e un pato que ladra. De como, ante a ausencia dun idioma común podemos, igualmente, chegar ao corazón dos outros.

Xoves 16 ás 10.30h. e 12.30h. Auditorio da Xunqueira (Escolares)

Sábado 18 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (Familiar)





## DAVID ZUAZOLA (Chile)

---

Inicia a súa carreira cos monicreques, traballando como primeiro actor e músico na prestixiosa compañía de Jordi Bertrán.

Ten unha ampla formación teatral e audiovisual que o leva a profundar en métodos de creatividade aplicada á dramaturxia e á construción de teatro de monicreques.

### "Ala sucia" (Actor e varias técnicas)

É una obra feita, maiormente, con refugallos e materiais recuperados de antigos baúis abandonados. A estraña estética, sumada á música e a unha narración en directo, trasládanos a esa época romántica na que calquera elemento servía para imaxinar e vivir experiencias inesquecibles.

Mércores 15 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+7 anos)



## TEATRO CORSARIO (Castela-León)

---

Fundada en 1982. A súa longa traxectoria caracterízase por un especialísimo tratamento dos clásicos en lingua castelá, que a situou entre as mellores compañías de verso. Por outro lado, pon en escena novos espectáculos de monicreques para adultos de ámbito internacional.



### "A Maldición de Poe" (Varias técnicas)

Un sorprendente espectáculo de monicreques de terror baseado nos contos de Edgar Allan Poe. Unha galería de personaxes en situacións de pesadelo. E entre todos eles, o pequeno Edgar, que vai de terror en terror, perseguido pola lei e a mala sorte, culpable por amar a Annabel Lee.

Mellor Espectáculo Feira De Teatro De Títeres De Lleida 2010.  
Premio Nube Mellor Espectáculo Festival Puf De Pula (Croacia) 2010.

Xoves 16 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+14 anos)

## OS MONICREQUES DE KUKAS (Galicia)

Fundada en Santiago de Compostela no ano 1979 por Marcelino de Santiago (Kukas) e Isabel Rei Pousada, é a compañía de teatro de monicreques máis antiga de Galicia e unha das máis estables do panorama teatral galego.

O seu traballo céntrase na investigación e creación de novos prototipos de marionetas que lles permiten realizar espectáculos de gran formato dirixidos a todo tipo de públicos.

### "O Kikirixote, aventuras e desventuras dun galo de curral" (Varias técnicas)



Partindo de Don Quixote como elemento transgresor e inconformista co tempo que lle tocou vivir, xorde o Kikirixote, que non deixa de ser un chisco unha caricatura do seu referente clásico. O Kikirixote nace da mestura de todos os anti heroes e como a todos eles pódelle máis o seu idealismo que a realidade que o rodea.

Venres 17 ás 17.00h. e 21.00h. Auditorio da Xunqueira (Familiar)

### "Xan Perillán e a Maleta Máxica" (Actor e varias técnicas)

Espectáculo que mestura a pantomima e o clown coa maxia e a manipulación de títeres. Xan Perillán é un home con sorte, tocoulle nunha rifa unha viaxe a Pernambuco... Pero onde queda Pernambuco?... Cun pouco de maxia e a axuda dos rapaces seguro que o averiguará.

Xunta tódalas súas cousas e vai meténdoas nunha maleta que non é unha maleta calquera... é unha maleta máxica.

Domingo 19 ás 12.30h. Praza do Concello.  
17.00h. Praza Reveriano. Soutullo.  
19.30h. Praza Reveriano. Soutullo.



## PELMANEC (Cataluña)

Cunha longa traxectoria en diferentes compañías como Jordi Bertran ou Tàbola Rassa, e logo do seu paso por diversas producións de televisión, Miquel Gallardo volveu ao teatro cun espectáculo, "Don Juan. Memoria amarga de mí", que recibiu importantes premios e o recoñecemento do público e a crítica. Despois desta exitosa primeira experiencia en solitario, Miquel Gallardo encara un novo proxecto: "Diagnóstico: Hamlet".



### "Diagnóstico: Hamlet" (Varias técnicas)

A poucos nos gustaría intercambiar a nosa vida co personaxe dunha traxedia de Shakespeare. Porén a sensación de non ter control sobre as nosas vidas, o peso da responsabilidade e as presións continuas poden empurrarnos a preferir a seguridade da peor das ficcións á incerteza real.

Sábado 18 ás 21.00 h. Auditorio da Xunqueira (+13 anos)

## EL ESPEJO NEGRO (Andalucía)

Unha linguaxe corrosiva e burlona, da man do creador e autor teatral andaluz Ángel Calvente, converteron a "El Espejo Negro" nunha das mellores compañías europeas de teatro de monicreques. foi avalada e premiada por crítica e público en festivais de Europa, América e Asia.

### "La venganza de Don Mendo" (Actores e monicreques de mesa)

Números musicais, un vestuario impecable, humor, provocación cos personaxes dotados de novos rexistros máis alá do seu traslado ao mundo da marioneta, convierten esta adaptación dun clásico nun xenuino espectáculo de EL ESPEJO NEGRO.

Domingo 19 ás 17.00h. e 21.00h. Auditorio da Xunqueira. (+10 anos)





## FANTOCHES BAJ (Galicia)

Compañía creada en 2006 por Inacio Vilariño, titiriteiro que traballou nas compañías Viravolta, Seisdedos, Os Quinquilláns, Orfanato Albert Anso de Gramont e no Museo Galego da Marioneta. Entre os seus espectáculos pódense atopar propostas máis tradicionais inspiradas na literatura oral e outras máis contemporáneas de teatro de obxectos que parten de textos poéticos.

### "As Pombas de Carboeiro" (Actores e manipulación de obxectos)

Coa participación da Banda de Saxos do Conservatorio de Música de Redondela.

Un espectáculo de narración oral e música en directo coa técnica xaponesa do Kamishibai.

Coa axuda das cartas do tarot de Marsella, un frade e un novizo revélanlle a un batallón das tropas napoleónicas acampadas en Carboeiro a fantástica orixe das pombas dese mosteiro.

Venres 17 ás 19.00h. Casa da Torre.

Domingo 19 ás 18.00h. e 20.00h. Casa da Torre.



### "O Asombro" (Manipulación de obxectos)

o espectáculo presenta un cruce entre teatro poético, manipulación de obxectos e documental, con textos de Uxío Novoneyra e acompañamento musical en directo de Benxamín Otero. O espectáculo consegue asombrar o público, fascinándoo polo frescor impactante da proposta.

Sábado 18 ás 23.59h. Sala Disco-Tasca.



## BANDULLO AZUL (Galicia)

---

Os recortes afectaron tanto a esta nova compañía que carece totalmente de persoal técnico e de texto. Da súa escenografía e vestuario poderíase dicir que seguen unha liña trapalleira. Teatro pobre, que non pode, da man de Fran Ameixeiras e Fran Campos dirixidos por Evaristo Calvo.

### "A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres" (Teatro xestual)



Delirante e tola comedia onde Robinson tentará "colonizar" dende o seu mundo civilizado o seu salvaxe e ignorante compañeiro Venres. Pero este último resistírase ante tal "ataque" e amosaralle a Robinson a importancia de ser libre, de deixarse levar polo xogo, a diversión, a contemplación . . . e a busca da felicidade.

Venres 17 ás 23.59h. Sala Disco-Tasca.

## VIRAVOLTA TÍTERES (Galicia)

---

En 1982 Anxo García, Pilar Álvarez e Xulio Balado forman a compañía Viravolta Títeres. Nestes anos produciron máis de trinta espectáculos de marionetas e participaron en numerosos festivais, circuítos e feiras.

### "Barriga Verde" (Monicreques de Luva)

Espectáculo baseado na investigación que a compañía fixo sobre a figura de Barriga Verde e a marioneta tradicional galega. Preséntase como unha homenaxe ao Barriga Verde que a familia Silvent representou por Galicia na primeira metade do século XX.



Venres 17 ás 13.00h., 17.00h. e 20.30h. Praza do Concello.

## LES CONTES D' ASPHALDT (Bélxica)

Stef Veters e Anne Vanharen desenvolveron un estilo moi persoal co seu teatro de marionetas itinerante. Marionetas case de talla humana deambulan polas rúas sobre pequenos estrados móbiles e no espazo dun intre toman vida para o noso máis grande pracer.



### "Odil" (Teatro de rúa)

Un esqueleto esculpido en madeira e cheo de cordas, poleas e contrapesos é transportado cunha pequena carreta e, de aquí para alá, vai asombrando os transeúntes cos seus movementos realistas.

Venres 17 ás 17.00h. e 20.00h. Alfonso XII.

18.00h. Paseo da Xunqueira.

19.00h. Xardíns da Alameda.

Sábado 18 ás 17.00h. e 18.00h. Xardíns da Alameda.

20.00h. e 22.00h. Paseo da Xunqueira.

Domingo 19 ás 17.00h., 18.00h. e 20.30h. Alfonso XII.

## GASPARE NASUTO (Italia)

Considerado como un dos grandes mestres da tradición napolitana de monicreques, verdadeiro punto de referencia para quen queira achegarse aos segredos das "Guarattelle" un antigo tipo de monicreques de luva nacidos en Nápoles arredor de 1500.

### "L'antigua tradicion di Pulcinella" (Monicreques de luva)

A construción dos monicreques, finamente esculpidos en madeira de nogueira e de cerdeira, o minucioso coidado da realización do teatriño, o uso da paleta, a refinada arte do movemento, fan de Gaspare Nasuto, un dos máis grandes intérpretes e autores de Pulcinella no mundo.



Sábado 18 ás 13.00h. Praza do Concello.

17.30h. e 20.30h. Xardíns da Alameda.

Domingo 19 ás 17.00h., 18.00h., 19.00h. e 20.30h. Praza do Concello.



## ALAUDA TEATRO (Castela-León)

A compañía xorde por iniciativa de Rafael Benito, levan producido xa máis de vintecinco montaxes teatrais, así como cursos de teatro, de monicreques e de interpretación escénica para cantantes líricos. Na actualidade o monicreque é un elemento asiduo nas súas propostas.

### "The Puppet Circus" (Marionetas de fíos)

Con todos vostedes, na pista, un exótico faquir; unha fabulosa cantante operística; unha fada chegada dende o país dos contos; unha bela funámbula; unha desacougante flor carnívora chea de misterio...Levarannos de viaxe ó fantástico mundo do circo.

Sábado 18 ás 17.00h., 18.00h.e 20.30h. Praza do Concello.  
Domingo 19 ás 13.00h, 18.00h. e 20.30h. Xardíns da Alameda.



## LES BLEUS DE TRAVAIL (Francia)

A compañía foi fundada no ano 1998 coa vocación de facer propostas escénicas de rúa con humor e dende entón e até hoxe percorreron medio mundo cos seus delirantes espectáculos.

### "A viaxe da voda" (Teatro de rúa)

Historia en movemento dunha parella, un can engominado e un Fiat 500 antolladizo.

Marcel e Raymonda teñen 31 anos, os cromados do seu Fiat 500 veñen de ser retocados e Kiki (o seu canciño) está moi ben aseado e repeinado.

Pero o Fiat 500 sofre unha avaría....

Debido a esta circunstancia a súa viaxe de casamento converterase nun auténtico percorrido iniciático...



Sábado 18 ás 19.00h. Praza da Torre-Xardíns da Alameda.  
Domingo 19 ás 19.00h. Praza da Torre-Xardíns da Alameda.

## TEATRO DE LA LUNA (Madrid)


Teatro de la Luna é unha compañía profesional de teatro de monicreques. Inicia a súa traxectoria na primavera de 1991 e dende entón as súas propostas escénicas unen arte, teatro e infancia.

O seu equipo está composto por: titiriteiros, actores, creadores de monicreques, músicos, escenógrafos, artistas plásticos, psicopedagogos e expertos en arte.

### "Los tres cerditos o cuatro" (Actores e varias técnicas)

"Un" e "Outro" preparan a escena para nos contar a historia dos tres porquiños pero... Por que tarda tanto o porquiño en ramatar a súa casa de ladrillos? E se todos axudáramos ao porquiño albanel?... Entón, cantos porquiños eran? tres, catro ou...? Pois depende, un máis se ti tamén axudas.

Sábado 18 ás 20.30h. Casa da Torre.



### "El Pollo Pepe" (Actor e varias técnicas)

Espectáculo para os máis pequenos baseado no conto "El pollo Pepe".

En escena un conto xigante. Entre as súas páxinas aparecerán o protagonista e outros personaxes da granxa onde vive.

Todos os nenos queren ser maiores, máis altos, máis grandes, e non teñen catro anos, senón case cinco. Pepe quere o mesmo e para iso fai caso á súa mamá e come moito.

O que non sabe a súa nai é o que fai Pepe coas súas patas longas, o seu pico grande e a súa barriga gorda cando ela non o ve.

Teatro para bebés de 1 a 6 anos.

Domingo 19 ás 17.30 e 19.00 Campo da Petanca.

## TÍTERES A XANELA DO MAXÍN (Galicia)

A Xanela do Maxín é unha compañía de monicreques profesional que comeza a súa andadura no ano 2007 coa creación e representación do espectáculo Chinchá Rabinchá.

Dende un principio o noso maior obxectivo foi crear espectáculos propios e orixinais onde estivesen presentes valores como a tenrura, o respecto, a perseveranza, a ilusión... para a continuación presentar propostas escénicas de calidade dirixidas a un público infantil e xuvenil .



### "A Caixa de Nuk" (Títeres de luva)

Apaixoante historia, repleta de maxia, tenrura e amor. Transportaranos ao mundo dos trasgos e a natureza. Non sempre os que esperamos poden dar un xiro ás historias máis incríveis.

Venres 17 no Museo Meirande.

Sábado 18 ás 18.00h. e 21.00h. O Salgueiral.

### MUSEO MEIRANDE

Nun intento de abrir o festival a novos espazos, propomos visitar o Museo Meirande e poder gozar do mundo dos títeres nun enclave diferente. Ademais contaremos coa participación de diferentes artistas para facer da visita un día inolvidable.

Meirande é un centro de interpretación da Batalla e do patrimonio cultural de Rande, promovido dende a Asociación deportiva e cultural de Rande, para recuperar e divulgar os recursos culturais do Estreito de Rande e da Enseada de San Simón. A súa construción foi xestionada polo Concello de Redondela con fondos europeos na súa maior parte.

#### Artistas convidados:

Mestres de Cerimonias: Paulo Medal e Almudena Zurita.

Magos: Eloi Crespo, Oscar Fernández e Xulio Merino.

**Buses dende A Farola ao Museo Meirande. Prezo nenos 3€. Adultos 5€.**

**Ida e volta: 16.30-18.30h./17.15-19.30h./18.15-20.15h./19.00-21.00h.**



## ASOCIACIÓN XOEIRA (Galicia)

Xoeira é unha asociación para o desenvolvemento comunitario, unha das asociacións máis activas de Redondela cun proxecto claro e activo. Realizarán obradoiros de monicreques e xoguetes. Ademais farase unha creación colectiva: a construción entre todos dun **monicreque xigante**. Non deixes de participar e poñer a túa imaxinación ao servizo da creatividade.

Venres 17 ás 17.00h. Pista da Xunqueira ata as 21.00h.



## A LUDOTECA XIRAMUNDOS (Francia)

"A Casa dos Xogos" preséntase como un gran espazo repartido por áreas de xogo onde os participantes poderán experimentar unha amplísima compilación de xogos tradicionais chegados dos cinco continentes, así como unha presentación de xogos de creación propia dos constructores e impulsores do proxecto, Cedric Bouchard e Xurxo Guzman. Varios destes xogos avalan correntes pedagóxicas coma "Waldorf" ou "Montessori", punteiras na pedagogía, e que utilizan como soporte numerosas escolas e centros de arte. Outros corresponden máis co que se ve nas feiras populares do norte de Europa.

Sen dúbida unha proposta avalada para unha xornada de festa e diversión!!

Sábado 18 ás 17.00h. Pista da Xunqueira ata as 21.00h.

Domingo 19 ás 17.00h. Pista da Xunqueira ata as 21.00h.



## CHARANGA VAITE XA!! (Galicia)

Comeza a súa andadura polo mundo charangueiro no ano 2006. As persoas fundadoras da charanga proceden todas elas da parroquia viguesa de Valadares.

Ademais contan con paridade de membros, con igualdade en número de rapaces e rapazas, converténdose na charanga con máis mulleres de Galicia, toda unha fazaña neste gremio.

## FANFARRIA TAQUIKARDIA (Galicia)

Grupo de música extremo-festeiro de repertorio taquicárdico, que vai das melodías balcánicas a coñecidas pezas da música clásica e do cine, pasando pola música tradicional galega e latina.

Ninguén queda impasible e moito menos inmóvil co brutal espectáculo que ofrece este particular conxunto musical.



## CHARANGA-FOLK CALCETÍN FURADO (Galicia).

Formación musical composta por músicos de Redondela e comarca que mesturan pezas tradicionais cunha posta en escena divertida e participativa.

Misturan xiras internacionais por Irlanda, Francia, Holanda... con feiras e mercados galegos. Ala por onde pasan deixan ledicia, baile e moita festa.



## CHARANGA RÍAS BAIXAS (Galicia)

A Charanga Rías Baixas é unha nova proposta musical con xente da nosa comarca, onde o bo gusto e a boa afinación son as claves desta música festeira.

Non hai ritmo que se lles resista e o seu repertorio vai dende o merengue, a salsa, o mambo, as rancheiras ata temas de actualidade.

## CHARANGA O SANTIAGUIÑO (Galicia)

Nace no ano 2008. Procedentes da Banda Municipal de música de Padrón.

O seu maior premio é ir a unha festa e ver coma goza a xente coa súa música.

A charanga conta con 9 músicos, todos eles xente moza, con ganas de gozar e transmitir este espírito ó seu público.



## TÍTERES POLA GORRA



É a sección do Festival que abre as portas a diversas compañías que, non estando na programación oficial, non queren perder a oportunidade de vir a Redondela para mostrar o seu traballo nun marco incomparable como é este Festival Internacional de Títeres.

Son agrupacións que recuperan a tradición do fantocheiro itinerante que vai de vila en vila traballando pola gorra.

Convidámosvos a participar e gozar desta tradición, descubriendo estas compañías e os seus chapeus polas prazas da vila.

Confirma a súa asistencia ao Festival a compañía Naranjarte (Madrid) que nace da fusión de dous artistas pertencentes o teatro e o circo, e que integran tamén nos seus espectáculos a maxia das marionetas.

## "GÚSTAME O GALEGO" Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela.

Campaña de fomento da lingua galega na que poderás escoller un dos 29 lemas da campaña co que sairás nunha foto diante do panel "GÚSTAME". Deste xeito faras visible a túa elección e o teu desexo para o futuro da lingua galega.

Domingo 19 de 12.00 a 14.00h. e de 17.00 a 21.00h. Praza da Constitución.

